

## O sagrado<sup>1</sup>

*O que é sagrado, ben lonxe de ser a persoa, é o que nun  
ser humano é impersonal.*

*Todo o que é impersonal no ser humano é sagrado, e*

*soamente iso.*

Simone Weil

A miúdo quedo absorto,  
acometido -traspasado- polo silencio,  
conquistado por unha plenitude que me arrebata  
e me deixa desapegado das cousas,  
inerme na nada.

Basta con deixarse arrolar polas ondas,  
con perderse contemplando o deambular da formiga,  
con seguir -sen segui-lo- o zunido do abellón.

Basta con esquecerse de si,  
con iluminarse coas sombras que o sol debuxa na terra,  
con deixarse arrebatar polas formas que as nubes deixan nas alturas.

Basta con iso, con ser, só ser, ser todo e nada,  
auga, formiga, abellón, sombra, sol, terra, nube, ceo...

---

<sup>1</sup> Este texto foi publicado orixinalmente no blogue [Abrentes](#), 14 de outubro, 2018. Está suxeito á licenza Reconecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons. Para ver unha copia desta licencia, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

